

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CANS DE RASTRO

- Modalidade: Rastro de Coello -



EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA 981 79 29 57 federaciongalegadcaza.com	FGC LUGO 982 25 49 96 federaciongalegadcaza.com	FGC OURENSE 988 22 16 20 federaciongalegadcaza.com	FGC PONTEVEDRA 986 85 23 00 federaciongalegadcaza.com	FGC SANTIAGO 981 56 27 77 federaciongalegadcaza.com
--	--	---	--	--



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*

Deputación DA CORUÑA
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA



18 DE SETEMBRO DE 2021
TECOR C-10.065 "UROGALLO"
FERROL (A CORUÑA)



Organiza: Federación Galega de Caza na Coruña
Colabora: Sociedade de Caza Urogallo de Ferrol

COMITÉ ORGANIZADOR

DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza na Coruña

DON VICTOR GARCIA FERNANDEZ

Presidente da Sociedade de Caza Urogallo

DON MANUEL PENABAD CORRAL

Vicepresidente da FGC na Coruña

DON VICTOR MANUEL FERNANDEZ LUEIRO

Tesoureiro da Sociedade de Caza Urogallo

DIRECTOR DA PROBA

DON SECUNDINO JOSE CARBALLO GAYO

XURADO DE COMPETICIÓN

Designarase o mesmo día no lugar de competición

XUÍCES

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC

REGULAMENTO

O Campionato Provincial de Cans de Rastro sobre coello, rexerase polo vixente Regulamento da FGC e Normas complementarias da FGC.

INSCRICIÓN

Poderán realizarse ata o día 14 de setembro, ás 15,00 horas, por escrito, teléfono, fax, e-mail ou persoalmente na sede da Federación Galega de Caza da Coruña, sita na rúa Vila de Caión, 27 baixo 2 A (tlfno 981-702957 ou e-mail: coruna@federaciongalegadecaza.com).

PREZO DE INSCRICIÓN: 35 Euros

- A inscrición poderá abonarse ata o 14 de setembro nas entidades bancarias seguintes:
- A BANCA: [ES48-2080-5482-8230-4010-3251](tel:981-2080-5482)

SORTEO DE QUENDAS

O sorteo de campos realizarase na sede da Federación o día 15 de setembro ás 10,00 horas.

PARTICIPACIÓN

A participación será "libre" para calquera cazador federado da provincia da Coruña que o solicite, debendo inscribirse cun lote de 4 cans, que poden pertencer a un ou varios propietarios.

CLASIFICACIÓN

Segundo a vixente Normativa de Competicións da FGC, formarán a selección que representará á Federación de Caza da Coruña no Campionato Galego, os 3 primeiros lotes mellor clasificados.

PROGRAMA

DIA: 18 de setembro de 2021

LUGAR: A competición desenvolverase no Tecor UROGALLO de Ferrol.

7,30 horas.- Concentración no Restaurante – Parrillada La Frontera, Ctra de Cabana 29-31, Ferrol, Tfno 981 314 602

08,00 horas.- comezo da competición.

A entrega de Premios terá lugar ao remate da proba, no mesmo campo.

Conforme a normativa de competicións da FGC os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor dun seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas equiparable ao Documento Único tipo R.

A competición axustarase ó Protocolo Fisicovid da FGC, aprobado por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte con data 17/02/2021. A proba farase ao aire libre, sendo obrigatorio o uso da mascarilla.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.